



BOP

XOVES, 18 DE ABRIL DE 2024

N.º 090

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 10 de abril de 2024, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2024, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 10 de abril de 2024.- A Alcaldesa substituta, María del Pilar Ferreiro Villar.

R. 1051

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO SEXTO BIMESTRE DO 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía Núm. 2024-0157 de data de data 11-04-2024, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 12-04-2024 ao 12-06-2024. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 12 de abril de 2024.- O Alcalde- Presidente, D. Carlos López López.

R. 1042

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 256/2024

Asunto: Referente á revogación das competencias delegadas polo Pleno na Xunta de Goberno Local e á delegación de competencias do Pleno na alcaldía.

Faise saber aos efectos que procedan e co gallo do xeral coñecemento que en data do 11 de abril do 2024 o Pleno do Concello de A Fonsagrada en sesión ordinaria acordou o que segue: A Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023. En consecuencia, procedeuse a determinar o réxime de delegación do Pleno na Xunta de Goberno Local e a réxime de sesións dos citados órganos en sesión organizativa extraordinaria de data do 3 de xullo do 2023. Todo elo de conformidade co disposto no artigo 20.1 letra b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, no sucesivo), así coma o artigo 59.2.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Neste senso e de conformidade co disposto no artigo 20.1 letra b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, no sucesivo), así coma o artigo 59.2.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) neste concello resulta potestativa a creación da Xunta de Goberno Local. Considerando que na sesión organizativa consta acordo tácito do Pleno da Corporación relativa á creación da Xunta de Goberno Local.

Non obstante, as circunstancias organizativas do Concello de A Fonsagrada cambiaron dende que se produciu a determinación plenaria referida «ut supra», en tanto mediante resolución de data do 24 de xaneiro do 2024 con número de expediente NACU-2024-006 a dirección xeral de administración local da dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes autorizou a Don Alejandro Maseda Mallo, con DNI ***6137**, ao desempeño das funcións do posto de traballo reservado de Secretaría-Intervención, no Concello de A Fonsagrada, en réxime de acumulación, tomando o funcionario indicado posesión do cargo en data do 26 de xaneiro, tal e coma consta na acta de toma de posesión con Código seguro de verificación ALGX3G**TNMXJ246XDFGQ**RT.

O referido habilitado nacional exerce na actualizade o seu posto de traballo principal en provisión de comisión de servizos coma Secretario do Concello de Vilalba, e unicamente acude ao Concello un día á semana, o que implica a imposibilidade material de continuar celebrando as sesións da Xunta de Goberno Local no horario acordado na sesión plenaria organizativa celebrada para o mandato 2023/2027, así coma a imposibilidade de xestión colexiada de todos os asuntos delegados na sesión plenaria de referencia.

O anteriormente exposto implica a necesidade de alterar certas determinacións relativas ao réxime de atribucións competenciais da Corporación municipal, cuestión impulsada así mesmo polos preceptos tendentes á simplificación administrativa que invoca o artigo 167.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así coma a axilización de trámites contida que exige o artigo 28.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así coma o artigo 37 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, que regula o impulso á eficiencia na contratación pública, e establece o mandato ao sector público de favorecer a axilización de trámites nos procesos de contratación, entre outros preceptos concordantes.

O exposto ben confirmado a maior abastanza nos preceptos relativos á ordenación do procedemento, concretamente no artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que indica con respecto ao impulso do procedemento, que deberá ser efectuado con celeridade.

Á vista do réxime básico da delegación de competencias está regulado no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (norma básica ex Disposición final 14ª) que establece que «*Os órganos das diferentes Administracións Públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda cando non sexan xerarquicamente dependentes(...)*».

No ámbito local, o artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que o Pleno pode delegar o exercicio das súas competencias, salvo aquelas expresamente declaradas como indelegables; dispoñendo expresamente que as competencias poderán ser delegadas tanto no alcalde coma na Xunta de Goberno da Corporación.

Para unha mellor operatividade e maior axilidade nos asuntos municipais a desenvolver, considerando o establecido nos apartados 5 en relación ao 4 do artigo 64 da LALG, o artigo 22.4 da LRBRL, así coma o artigos 52 e 53 do ROF, pola presente, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

PRIMEIRO. Manter o acordo relativo a que Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias cada quince días, sempre que existan asuntos que tratar. En caso de que o día previsto para a sesión resultase festivo celebrarase o primeiro día hábil seguinte considerándose inhábil para estes efectos os sábados, domingos e festivos, de conformidade co indicado no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común. O horario das sesións será determinado por resolución a alcaldía de conformidade co artigo 112.3 del Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

SEGUNDO. Revogar as competencias delegadas polo Pleno na Xunta de goberno local na sesión organizativa extraordinaria de data do 3 de xullo do 2023

TERCEIRO. Delegar de forma expresa na alcaldía as seguintes atribucións do Pleno da Corporación Local:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria;
- A declaración de lesividade dos actos do concello;
- A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co establecido na lei reguladora das facendas locais;
- A competencia coma órgano de contratación de toda clase (obras, servizos, abastecementos) cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada neste apartado;
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos;
- Calquera acto de disposición sobre os bens, incluídos a adquisición, a transacción, a permuta, o alleamento e a cesión gratuíta a outras administracións ou institucións públicas e a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. A concesión, o arrendamento ou a cesión de uso de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens;
- O alleamento, gravame e permuta do patrimonio, incluídas as parcelas sobrantas e os efectos non utilizables, cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e os tres millóns de euros, e non requiran para a súa aprobación unha maioría especial;
- A concertación de operacións de tesourería que superen o 15% dos ingresos liquidados por operacións correntes do último exercicio liquidado e non superen o 30% dos mesmos;
- O establecemento e ou modificación dos prezos públicos;
- A aprobación das tarifas de servizos de natureza non tributaria;

A autorización e disposición de gastos en materias delegadas dentro dos límites das competencias e atribucións antes enunciados e os expresamente previstos nas Bases de Execución do Orzamento.

CUARTO. Delegar na alcaldía a competencia para resolver os recursos de reposición que se presenten contra os actos administrativos ditados por este órgano colexiado en exercicio das competencias delegadas polo Pleno.

QUINTO. De acordo con os artigos 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro eo artigo 114 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta delegación poderá ser modificada ou revogada en calquera momento, axustándose ás mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento. Así mesmo, o Pleno poderá avogar o exercicio da competencia delegada de maneira singular para actos concretos, sen que iso implique a revogación da delegación conferida á alcaldía

SEXTO. Esta delegación será efectiva desde o día seguinte á data do seu acordo, de conformidade co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

SÉTIMO. As referencias que contén este Decreto a preceptos ou normas derogadas entenderanse feitas de maneira automática aos preceptos ou ás normas que os modifique ou substitúan

OITAVO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Corporación as presentes delegacións do Pleno no alcalde así coma a revogación das competencias outorgadas á comisión de goberno de conformidade co previsto no artigo 51.2 do ROF, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación das mesmas, de conformidade co indicado no punto sétimo.

NOVENO. Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na non acordadas expresamente

A Fonsagrada, 12 de abril de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1043

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 255/2024

Asunto: Referente á periodicidade das sesións plenarias.

Faise saber aos efectos que procedan e co gallo do xeral coñecemento que en data do 11 de abril do 2024 o Pleno do Concello de A Fonsagrada en sesión ordinaria acordou o que segue: Constituída a nova Corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023, procedeuse a determinar o réxime da celebración das sesións ordinarias do Pleno en sesión organizativa extraordinaria de data do 3 de xullo do 2023. Todo elo de conformidade co disposto no artigo 38 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e o artigo 210.2 letra a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Na referida sesión o Pleno acordou o que segue: «**PRIMEIRO.** As sesións ordinarias do Pleno deste concello celebraranse os últimos xoves dos meses impares do ano natural, ás 20:00 horas; se fose festivo celebraranse o seguinte día hábil, considerándose para estes efectos os sábados, domingos e festivos coma inhábiles, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas».

Non obstante, as circunstancias organizativas do Concello de A Fonsagrada cambiaron dende que se produciu a determinación plenaria transcrita «ut supra», en tanto mediante resolución de data do 24 de xaneiro do 2024 con número de expediente NACU-2024-006 a dirección xeral de administración local da dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes autorizou a Don Alejandro Maseda Mallo, con DNI ***6137**, ao desempeño das funcións do posto de traballo reservado de Secretaría-Intervención, no Concello de A Fonsagrada, en réxime de acumulación, tomando o funcionario indicado posesión do cargo en data do 26 de xaneiro, tal e coma consta na acta de toma de posesión con Código seguro de verificación ALGX3G**TNMXJ246XDFGQ**RT.

O referido habilitado nacional exerce na actualizade o seu posto de traballo principal en provisión de comisión de servizos coma Secretario do Concello de Vilalba, e unicamente acude ao Concello un día á semana, o que implica a imposibilidade material de continuar celebrando as sesións plenarias no horario acordado na sesión plenaria organizativa celebrada para o mandato 2023/2027.

A estes efectos o devandito artigo 210 da LALG, establece a periodicidade mínima da celebración das sesións ordinarias do Pleno, procedendo celebrar cando menos unha sesión ordinaria cada dous meses, norma de desenvolve o disposto no artigo 46.2 letra a) da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladoras das Bases do Réxime Local que dispón unha periodicidade mínima mensual nos municipios de máis de 20.000 habitantes, cada dous meses en municipios con poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes e trimestral en municipios de ata 5.000 habitantes.

En base ao anteriormente exposto, co gallo de procurar a cobertura do posto de Secretaría da Corporación, aínda que sexa en réxime acumulado e mentres persistan as circunstancias que dan lugar a esta autorización con expediente número NACU-2024-006, formulo ao Pleno deste concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. As sesións ordinarias do Pleno deste concello celebraranse os terceiros xoves dos meses impares do ano ás 10:00 horas; se fose festivo celebraranse o seguinte día hábil, considerándose para estes efectos os sábados, domingos e festivos coma inhábiles, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a modificar a data de celebración da sesión ordinaria, nun intervalo máximo de dez (10) días, mesmo aínda que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente á devandita sesión, conservando esta o carácter de ordinaria.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Fonsagrada, 12 de abril de 2024.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 1044

Anuncio

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Expediente número: 107/2024

Asunto: Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de A Fonsagrada.

Para o xeral coñecemento e efectos consecuentes, faise saber que en sesión plenaria de data do 11 de abril do 2024 resultou aprobado inicialmente o Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de A Fonsagrada, en consecuencia e de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica, no apartado portal de transparencia deste Concello.

En caso de que non sexan presentadas alegacións ou reclamacións, a disposición administrativa de carácter xeral de razón será elevada a definitiva.

A Fonsagrada, 12 de abril de 2024.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 1045

Anuncio

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Expediente número: 94/2024

Asunto: Aprobación inicial do Regulamento da canle de denuncias do Concello de A Fonsagrada

Para o xeral coñecemento e efectos consecuentes, faise saber que en sesión plenaria de data do 11 de abril do 2024 resultou aprobado inicialmente o Regulamento normalizador da canle de denuncias do Concello de A Fonsagrada, en consecuencia e de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica, no apartado portal de transparencia deste Concello.

En caso de que non sexan presentadas alegacións ou reclamacións, a disposición administrativa de carácter xeral de razón será elevada a definitiva.

A Fonsagrada, 12 de abril de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1046

PANTÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 04.04.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2024, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interperse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.04.2024 ao 15.06.2024, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 30.04.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 12 de abril de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1047

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO PRIMEIROBIMESTE DE 2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 10.04.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao primeiro bimestre de 2024, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interperse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao primeiro bimestre de 2024.

- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.04.2024 ao 15.06.2024, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 30.04.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 12 de abril de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1048

A PASTORIZA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 11 de abril aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 4º trimestre do exercicio 2023.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 22/04/2024 e o 22/06/2024 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 22/04/2024. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 12 de abril de 2024.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1041

RIBAS DE SIL

Anuncio

SUMARIO

Resolución de Alcaldía de data 11/04/2024 do Concello de Ribas de Sil pola que se resolve a publicación da relación de persoas aprobadas o PROCESO DE SELECCIÓN E BASES ESPECÍFICAS. ARQUITECTO/A ASESOR/A Estabilización emprego (Disposición Adicional 8ª Lei 20/2021) levado a cabo no Concello.

TEXTO

Concluindo o procedemento selectivo incluído no marco de estabilización de emprego temporal da convocatoria de 1 praza vacante de ARQUITECTO/A ASESOR/A no Concello de Ribas de Sil propónse a formalización do contrato como persoal laboral fixa a favor de:

Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos
Dª LUCÍA SOBRAL VIÑAS	**4182***	33,2800

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Ribas de Sil, 11 de abril de 2024.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 1049

TRICASTELA

Anuncio

Expediente nº: 67/2022

Con data 12 de abril, ditouse resolución da Alcaldía do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN.-

De conformidade co disposto nas Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en unha praza de persoal laboral fixo no Concello de Triacastela denominada limpiadora, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021), e publicadas no BOP nº 281 de 10 de decembro de 2022.

Esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local, pola presente,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os:

Lista provisional de aspirantes admitidos/as:

Nº	Apelidos e nome	DNI	Proba de Galego
1	Castrillón Barreiro, Evangelina	*****756N	EXENTA

Lista provisional de aspirantes excluídas/os e motivos da exclusión:

Non hai lista de excluídas/os

Segundo.- De conformidade co establecido no apartado 6.1 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, publicar a lista dos/as aspirantes provisionalmente admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello (<https://triacastela.sedelectronica.gal/>) e no Taboleiro de anuncios do Concello de Triacastela, concedendo un prazo de CINCO (5) DIAS HÁBILES, contados a partir do seguinte á publicación das mesmas, a fin de que se poidan efectuar alegacións. Rematado dito prazo esta Alcaldía, mediante resolución, aprobará a lista definitiva de persoas admitida e excluídas, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica e no Taboleiro de anuncios do Concello de Triacastela.

De non presentarse alegacións á lista provisional, considerarase ésta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da mesma, tal e como se establece no apartado 6.2 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que no posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento

Mándao e asínao o Sra. alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.”

Triacastela, 12 de abril de 2024.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1050
